




FEDERACIÓN GALEGA DE KARATE
E DISCIPLINAS ASOCIADAS



Xacobeo 21-22

CIRCULAR Nº: 1/21-22



Ferrol, 7 de outubro de 2021

**ASUNTO: CAMPIONATO GALEGO CADETE, JUNIOR E SUB-21 “CONCELLO DE FERROL”
COMPETICIÓN FEDERADA XUNTA DE GALICIA**

Comunícase a todos os clubs afiliados á Federación Galega de Karate e DA, a celebración do Campionato Galego Cadete, Júnior e Sub-21. Un evento que se axustará ao seguinte detalle:

- **DATA:** 24 de outubro de 2021.
- **LUGAR:** Polideportivo Municipal do Ensanche (Ferrol).
- A competición celebrarase a porta pechada e sen presenza de público.***
- **HORARIOS:** 16'00 horas (podería haber un reaxuste en función das inscricións).
- **IDADES:** Os deportistas serán inscritos no Campionato Galego segundo a súa idade no primeiro día de competición do Campionato de Europa CD/JR/SUB-21 de 2022, é dicir, **4 de febreiro de 2022** (o mesmo criterio que se seguirá para a inscrición de deportistas no Campionato de España no caso de seren seleccionados)
 - Cadete (Kata e Kumite): 14 e 15 anos.
 - Junior (Kata e Kumite): 16 e 17 anos.
 - Sub-21 (Kata e Kumite): 18, 19 e 20 anos.
- **MODALIDADES E CATEGORÍAS**
 - Kata Cadete Masculino e Feminino.
 - Kata Júnior Masculino e Feminino.
 - Kata Sub-21 Masculino e Feminino.
 - Kumite Cadete Masculino (-52 kg., -57 kg., -63 kg., -70 kg. e +70 kg.)
 - Kumite Cadete Feminino (-47 kg., -54 kg e +54 kg.)
 - Kumite Júnior Masculino (-55 kg., -61 kg., -68 kg., -76 kg. e +76 kg.)
 - Kumite Júnior Feminino (-48 kg., -53 kg., -59 kg. e +59 kg.)
 - Kumite Sub-21 Masculino (-60 kg., -67 kg., -75 kg., -84 kg. e +84 kg.)
 - Kumite Sub-21 Feminino (-50 kg., -55 kg., -61 kg., -68 kg. e +68 kg.)

A FGK resérvase o dereito de anular ou agrupar categorías no caso de que exista un número insuficiente de participantes inscritos.



FEDERACIÓN GALEGA DE KARATE
E DISCIPLINAS ASOCIADAS



- **PARTICIPACIÓN** : Libre.
- **GRAO**: Libre.
- **ARBITRAXE**: Segundo Regulamento Oficial da RFEK e DA.
- **INSCRIPCIÓN DEPORTISTAS**
 - As inscricións realizaranse por vía telemática **ata as 24'00 horas do 15 de outubro**, a través da plataforma <http://karatescoring.com/>
 - O Custe de inscrición por deportista é de 10 euros. O importe da inscrición non será devolto unha vez realizado o sorteo salvo lesión debidamente xustificada. **Nº conta FGK (Banco Santander) ES96-0238-8149-87-0600229192**
 - Modificacións nas inscricións unha vez finalizado o prazo estipulado: **10 euros por cada deportista.**
 - Solicitud de inscricións unha vez finalizado o prazo estipulado: **10 euros por cada deportista (no caso de ser admitidas).**
- **INSCRIPCIÓN DE COACHS E DELEGADO**: As inscricións efectuaranse a través da plataforma Karate Scoring:
 - Cada club poderá inscribir a un máximo de 3 coach. Para exercer de coach deberá estar en posesión da Acreditación de Coach Autonómico actualizada e ter licenza federativa en vigor.
 - Unha das persoas inscritas como coach deberá exercer ao mesmo tempo de Delegado do club. No caso de non dispor da credencial de Coach Autonómico, non poderá exercer esa función no campionato. Tamén deberá estar en posesión de licenza federativa en vigor.
 - En cumprimento do regulamento deportivo, todos deberán estar en chándal e calzado deportivo.
- **DOCUMENTACIÓN**: Deportistas, coaches e delegados deberán enviar antes da celebración da competición a Folla de Declaración Responsable e o Formulario de Localización Persoal (achéganse modelos).
- **SORTEO**: Realizarase o 19 de outubro de 2021. Darase de prazo ata as 14'00 horas do día seguinte para atender posibles reclamacións. Unha vez pasado ese prazo os sorteos serán definitivos (salvo causa extraordinaria que xustifique a súa modificación). Os sorteos poderán descargarse en na plataforma web. Na competición non se facilitarán copias impresas dos sorteos.



FEDERACIÓN GALEGA DE KARATE
E DISCIPLINAS ASOCIADAS



Xacobeo 21-22

- **PESAXE:** Realizarase no pavillón segundo o establecido a continuación:
 - Competidores de Kata e Kumite: 15'00 horas.
 - Resto de competidores de Kumite: 45 minutos antes do inicio da súa categoría (horarios recollidos no programa de competición).Quedarán eliminados os competidores que non se atopen entre os límites do peso da categoría na que foron inscritos, non podendo ser incluídos noutro peso.
- **PROTECCIÓNS OBRIGATORIAS: (deberán ser marcas homologadas):**
 - Protectores de man.
 - Protector de tibia/pé.
 - Protector bucal.
 - Body protector WKF.
 - Protector de seos ríxido (en kumite feminino).
 - Coquilla (opcional).

Segundo se establece na versión actualizada do protocolo federativo por exposición ao novo coronavirus (SARS-COV-2), será obrigatorio o uso de mascarilla para competir tanto en kata como en kumite.

- **ACREDITACIÓNS E ACCESO AO PAVILLÓN:**
 - O acceso ao pavillón estará restrinxido aos deportistas, técnicos, árbitros, autoridades e persoal do staff federativo. Todos eles deberán estar acreditados previamente. Deberán presentar no momento de acceder á instalación, a credencial en PDF que será enviada por email desde Karate Scoring. Poderá presentarse impresa ou en dispositivo móbil. Será preciso presentar tamén o DNI para acreditar a identidade de cada persoa. **NON PODERÁ ACCEDER NINGUNHA PERSOA QUE NON PRESENTE A SÚA CREDENCIAL.**
 - O acceso realizarase de forma escalonada e ordenada, aplicando as medidas organizativas e de seguridade e hixiene especificadas no protocolo federativo por exposición fronte ao novo coronavirus (SARS-COV-2). Estableceranse diferentes horarios de acceso que deberán ser consultados no boletín oficial da competición, non podendo acceder antes da hora fixada para cada categoría. As persoas que rematen a súa competición deberán saír do pavillón.



**FEDERACIÓN GALEGA DE KARATE
E DISCIPLINAS ASOCIADAS**



O PRESIDENTE



Asdo.: Óscar Lafuente López